




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2018-2019

2

2

0. Presentación

1. Obxectivos específicos para o curso académico, medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto
2. Calendario e horarios
3. Organización dos servizos complementarios: transporte
4. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
5. Organización, funcionamento e horario da biblioteca
6. Plan anual de actividades para a potenciación da lingua galega (fomento e dinamización da LG).
Equipo de dinamización da lingua galega
7. Addenda do proxecto lingüístico
8. Programa de formación do profesorado no centro
9. Plan anuais de lectura tendo como referente o Proxecto Lector do Centro
10. Plan de integración das TIC
11. Concreción do Plan de convivencia
12. Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).
13. Avaliación da PXA

2

0. Presentación

O *Diario Oficial de Galicia* do 3 de de xuño de 2013 recolleu a Orde do 22 de maio pola que se autorizaba a posta en funcionamento do Instituto de Educación Secundaria do Milladoiro, no concello de Ames (A Coruña) (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130603/AnuncioG0164-270513-0001_gl.html).

Denominación	I.E.S. do Milladoiro
Código do centro	11515032807
Domicilio	Paseo da Igualdade 5
Localidade	Milladoiro
Concello	Ames
Código postal	15895
C.I.F.	S1500113D
Teléfono	881 867863
Correo electrónico	ies.milladoiro@edu.xunta.es
Web	http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/

Calquera centro educativo, calquera instituto, é unha organización complexa formada por unha comunidade escolar na que conviven distintos estamentos. A complexidade increméntase nun Instituto coma o de Milladoiro, xa que nace nun contexto de cambio a varios niveis, dende a propia concepción do sistema escolar nun mundo en rápida e constante transformación, ata a modificación do marco legislativo estatal cunha lei, a Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Ensinanza (LOMCE), de futuro incerto.

O equipo directivo, no seu cuarto e derradeiro ano de mandato, modifica a súa composición en relación co que presentou a súa candidatura ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2015 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: Emilia Díaz González substitúe á Paula López Senín na Xefatura de Estudos, co que a composición do equipo directivo é a que aparece recollida no cadro.

Director	Víctor Manuel Santidrián Arias
Vicedirectora	Marta Gende
Xefa de Estudos	Emilia Díaz González
Secretario	Antonio Puentes Chao

1. .OBXECTIVOS PARA O CURSO 2018/2019

1. Documentación do centro.

1.1. Redacción do documento base PEC.

1.2. Completar Plan de Convivencia.

1.3. Difundir na comunidade escolar, especialmente entre o profesorado, os compromisos que supón o Proxecto Lingüístico do Centro, para incluílos nas programacións didácticas cando proceda. Elaborar Tratamento Integrado das Linguas. Elaborar unha guía para a presentacións orais. Elaborar un Plan de actuación para alumnado que non coñeza as linguas oficiais (Departamento de Orientación).

1.4. Aprobación do Plan de Integración das TIC (Anexo 1).

1.5. Revisión do Plan de actividades extraescolares e complementarias (Claustro 28.6.2018) .

1.6. Revisión da xestión das normas de convivencia por parte do profesorado para mellorar a convivencia e reducir o número de partes (Claustro 29.5.2018).

Revisión da normativa sobre uso de móbiles (Claustro 29.5.2018). Normas de convivencia e disciplina [Aprobadas en reunión de CCP de 8/3/2016]: “O uso de teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos (tipo mp3, tabletas, etc.) só está permitido durante o recreo. Se un alumno/a é sorprendido con eles acendidos ou usándoos noutro momento seralles requisado e entregado na xefatura de estudos, onde poderá ser recollido polos pais/nais, nunca antes de rematada a xornada lectiva. [Vid. modelo de parte –de obrigada cumprimentación- anexo]”.

Revisión da normativa sobre puntualidade do alumnado (Claustro 29.5.2018). Protocolo de xestión das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado. Aprobado en reunión da CCP de 26/11/2015. Modificado en reunión de Claustro de 8/9/2016. Ampliado -punto 4.f- en reunión da CCP de 22/2/2017): “Todo o profesorado introducirá as faltas de puntualidade do alumnado, diariamente, no programa de xestión (XADE). Posto que estamos ante un ensino presencial, no que a asistencia á clase é obrigatoria, e en tanto que as ausencias inxustificadas de asistencia e as faltas de puntualidade poden supoñer unha interrupción non só do proceso de aprendizaxe do propio alumno/a, senón tamén do de todos os seus compañeiros/as, recollerase nas programación didácticas de todos os departamentos a incidencia das faltas de asistencia e puntualidade inxustificadas nas cualificacións. Concretamente, penalizarase con 0,1 puntos cada falta de asistencia inxustificada e con 0,05 puntos cada falta de puntualidade inxustificada”.

1.7. Revisión do procedemento de apertura e peche das aulas (Claustro 29.5.2018).

1.8. Revisión dos procedementos de coidado das instalacións do centro (Claustro 29.5.2018).

2 . Revisión da información do Equipo Directivo ao profesorado (Claustro 29.5.2018): uso do correo electrónico, procedemento de comunicación de sancións, definir un modelo de intercambio de información nos equipos docentes (periodicidade, horario, etc.).

3. Revisión dos procedementos de comunicación e transmisión de **información ás familias**, segundo o falado no Claustro do 29.5.2018 (Anexo 2). Cómpre facer unha reflexión, que supera o ámbito do noso centro, sobre a situación das **NEAE**. Os protocolos elaborados pola Consellería, de gran interese dende o punto de vista técnico, en ocasións non son de fácil aplicación no centro educativo e se poden converter en ferramentas que, utilizadas de forma non apropiada, dificultan a comunicación con determinadas familias. Neste sentido, tamén é necesaria unha reflexión sobre a comunicación coas familias, en especial con aquelas coas que non sempre é fácil pola actitude de enfrontamento inicial co Instituto e con aquelas nas que o interlocutor non está definido.

4. Elaborar unha **proposta de avaliación por competencias**.

5. Procedemento para medir a **utilidade das medidas de atención** que recibe o alumnado en situación de risco. Rematar a Guía de actuación co alumnado en situación de risco.

6. Potenciar a **coordinación** entre os departamentos, entre os departamentos e a biblioteca, e entre os departamentos e as propostas do PAT, de forma que esas accións poidan ser recollidas nas programacións didácticas. Dar a coñecer aos departamentos as actividades propostas polas organizacións que forman parte da Rede do IES do Milladoiro por se resulta de interese para introducir nas programacións didácticas. Solicitar Proxecta (Anexo 3).

7. Difundir na comunidade escolar, especialmente entre o profesorado, os compromisos que emanan do Proxecto Lingüístico do Centro, e a difícil situación na que se atopa a **Lingua Galega**.

8. Solicitar a renovación do **Plambe** e presentarse á convocatoria de “Bibliotecas Escolares Solidarias” (Voluntariado) e do **club de lectura** de Bibliotecas Escolares.

9. Solicitar a participación do Instituto nos **contratos-programa**: PROA, “Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros”, “Prevenición do abandono temperán e do absentismo escolar”, “Mellora das competencias clave”, “Mellora da calidade da xestión do centro” ou calquera outra que se propoña e sexa posible.

10. **Solicitar a renovación do Plan de Formación** do Profesorado no Centro: en aprendizaxe cooperativa. En relación co punto 9, estudar a posibilidade de abrir unha segunda liña para formación de mediación de conflitos, dado que houbo profesorado interesado en recibir esta formación (claustro 29.5.2018).

11. Dar continuidade á **Olimpíada da convivencia**, coas modificacións necesarias, e estudar outras vías para mellorar a convivencia, o que inclúe a dinamización da súa comisión (Anexo 4).

12. Potenciar a **participación do alumnado** a través da xunta de delegadas e delegados e coordinación co PAT. Fixar a principios de curso un calendario de reunións. Mellorar a participación do alumnado de 1 da ESO

13. Realizar as reunións trimestrais da **Rede do IES do Milladoiro** (Anexo 5). Mellorar a difusión da súa actividade. Facilitar a presenza de profesorado e alumnado nas súas reunións. Mellorar a transmisión de información entre o IES do Milladoiro e o CEP de Ventín. Profundizar na cooperación con outras (Anexo 5 e Anexo 6) co obxectivo de facilitar a transición entre as etapas

educativas obrigatorias, diminuír o fracaso escolar, incrementar o número de persoas que titulan na ESO e promover a continuidade en estudos postobrigatorios.

14. Completar a dotación de **mobiliario** das aulas e de material de departamentos (escrito do 23 de xaneiro de 2018).

15. Instar ás autoridades competentes a que acondicionen ás **cancelas de acceso** ao centro pola Avenida do Muíño Vello e a que completen a **peche perimetral**.

16. Solicitar as autoridades a eliminación do **pozo negro**, posible causa de malor olores.

17. Solicitar as autoridades unha solución definitiva para os **problemas de seguridade** aínda existentes.

18. Realización dun **simulacro** para intentar solventar os problemas detectados no exercicio realizado o curso pasado.

19. Avaliar a finais de curso a xestión dos catro anos de mandado do Equipo Directivo saínte (Anexo 8).

2. Calendario e horarios

O **calendario** desenvolverase segundo as directrices da *ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG, 109, 8 de xuño de 2018).

O centro solicitará á Xefatura Territorial permiso para considerar o 31 de maio **como día non lectivo**, dado que o xoves 30 é festivo local no Concello de Ames e coincide coa data solicitada polos centros escolares da localidade (CEIP de Ventín).

O **horario xeral** do Instituto é de 8:30 a 15:00, os luns, martes e mércores abre pola tarde de 16:00 a 19:00.

O **horario lectivo**: de luns a venres desde as 08:50 ata as 14:30; as tarde do martes de 16:30 a 18:10. As clases serán de cincuenta minutos interrompidas por dous recreos de 20 minutos (10:30-10:50 e 12:30-12:50).

1º período lectivo: 8:50 - 9:40
2º período lectivo: 9:40 -10:30
Recreo 10:30 – 10:50
3º período lectivo: 10:50 - 11:40
4º período lectivo: 11:40 - 12:30
Recreo: 12:30 - 12:50
5º período lectivo 12:50 -13:40
6º período lectivo 13:40 - 14:30
Xantar: 14:30 - 16:30
7º período lectivo 16:30 – 17:20
8º período lectivo 17:20 – 18:10

Horario de **atención ás familias**: Todo o profesorado dispón no seu horario dunha hora de atención ás familias, que está dispoñible na páxina web do centro. É posible a utilización da hora 18:10 – 19:00 dos martes para a atención a familias.

O Instituto cede as instalación externas e deportivas ao **Concello de Ames** e baixo a tutela deste o resto das tardes da semana de 16:00 a 21:30, e, no seu caso, durante as fins de semana. As condicións de apertura das instalacións para dar servizo as actividades deportivas do Concello está regulado por un Acordo de colaboración entre o Instituto e o Concello (Anexo 9). Sería de interese a modificación deste acordo para incluír o uso das pistas deportivas nos meses de verán. O centro tamén cede as instalacións á ANPA dentro do mesmo horario e condicións.

Horario do **persoal de servizos administrativos**: de 8:30 a 14:45 de luns a venres.

Horario do **persoal de servizos complementarios** xerais:

Horario de apertura do centro:

De luns a venres: de 8:30 a 15:00

Luns: de 16:00 a 19:00

Martes: de 16:00 a 19:00

Mércores: de 16:00 a 19:00

Horario do **persoal de limpeza**: de 14:30 a 21:30, de luns a venres.

Horario de verán:

Xullo (horario de atención ao público): de 9:00 a 14:00.

Agosto: O centro dispón dunha soa persoa para atender á Secretaría, que debe permanecer aberta durante o mes de xullo.

3. Organización dos servizos complementarios: transporte

O IES do Milladoiro comprende unha area extensa con tres zonas que precisan do uso do transporte escolar: a zona este con puntos de poboación limítrofes co concello de Santiago de Compostela, a zona de Osebe limítrofe co concello de Teo e a zona sur que abrangue certas localidades de importancia que están entre o Milladoiro e Bertamiráns. De momento o número de alumnos que precisan deste servizo permite unha única liña.

Este servizo atende a 21 persoas, das que 17 son alumnas da ESO e o resto de Bacharelato.

O servizo de transporte escolar funciona conforma a estas especificacións:

Empresa: Hedegasa, S.L.

Contrato: 99CO-5009

Horario do transporte é o seguinte:

Entrada e saída mañás: 8:45 h - 14:25 h.

Entrada e saída tardes: 16:30 h -18:15 h.

Nº Parada	Km.
1. A Grela	2.0
2. As Mimosas	0.8
3. Igrexa de Biduído	0.3
4. Biduído de Abaixo	0.4
5. Casanova	0.4
6. Raíces	0.3
7. Biduído de Arriba	1.4
8. Paramuiño	0.8
9. Ventín	0.6
10. Coira	1.1
11. Framil-Agriña	
12. A Moniña	
13. Costoia	

4. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares ríxense por un protocolo dispoñible na web do centro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Protocolo%20actividades%20extraescolares_0.pdf). O Protocolo foi aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 26 de novembro e modificado nas reunións da CCP de 8/3/2016 e do 22/2/2017. A última modificación do protocolo busca a mellora da organización das actividades complementarias e extraescolares que teñan unha duración de varios días, entre outras cuestións. Está pendente unha posible modificación do Protocolo, no caso de que sexa aprobada pola CCP e o Consello Escolar.

A programación está na web do Instituto (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/VICEDIRECCI%C3%93N-Programaci%C3%B3n%2018-19.pdf>).

5. Organización, funcionamento e horario da biblioteca

A Biblioteca do IES do Milladoiro está xestionada por un grupo de profesorado formado por Juan Luis de la Sotilla Varela, Rosa López Boullón, María Dolores Padín e Margarita Rodríguez Ponseti, que é a coordinadora cunha dedicación horaria de 5 horas, 2 gardas de recreo e 1 hora de reunión do equipo.

O horario de apertura é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:40				Aberto	
9:40 – 10:30			Aberto	Aberto	Aberto
10:30 – 10:50	Aberto	Aberto	Aberto	Aberto	Aberto
10:50 – 11:40	Equipo Bib		Aberto		Aberto
11:40 – 12:30	Aberto				
12:30 – 12:50	Aberto	Aberto	Aberto	Aberto	Aberto
12:50 – 13:40				Aberto	
13:40-14:30					

O Plan Lector do Centro recolle que no caso de ausencia dun/dunha profesor/a, o profesorado de garda poderá levar ao alumnado á Biblioteca.

A Biblioteca organizará a súa actividade segundo o indicado nas “Instrucións do 3 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, durante o curso 2018/2019, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria” (http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_bibliotecas_escolares_1819.pdf).

Participación na “Convocatoria do 4 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no contexto das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial. Curso 2018/2019 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/25807>).

6. Plan anual de actividades para a potenciación da lingua galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está formado coordinado pola profesora Valentina Formoso Gosende (Lingua Galega e Literatura) e formado polas profesoras Sofía Ardariz (Francés), María Xosé Fernández Riva (Lingua Galega) e Beatriz Otero (Lingua Castelá). As persoas que representan ao alumnado son: Iago Blanco (1ESOC), Marta Méndez (1ESOC), Andrea García (1ESOC), Paula Quinteiro (1ESOC), Iria Ferreiro Castro (1ESOB), Sonia Paola Chang Gómez (1ESOB), Damián del Río (1ESOB), Adrián Dubra (2ESOA), Manuel Caamaño (3ESOD), Carolina Montoto (3ESOD). Jesús Dono Quintela é o representante do Persoal non docente.

O Plan anual de actividades para a potenciación da lingua galega do Equipo de Dinamización Lingüística está integrado no documento de Programacións didácticas.

7. Addenda do proxecto lingüístico

O reparto de materias impartidas en Lingua Galega e Lingua Española foi aprobado no seu momento (Anexo 10).

8. Programa de formación do profesorado no centro

Solicítase un novo Plan de Formación do Profesorado no Centro 2018/2019 que profundiza naquelas liñas que permitan continuar na formación do profesorado en aprendizaxe cooperativa.

9. Plan anual de lectura

Tal e como se indicou no apartado relacionado cos Obxectivos específicos do curso, nos Claustros celebrados no mes de setembro indicouse que nas programacións debían aparecer un apartado dedicado á contribución das materias impartidas ao Plan Lector do centro.

10. Plan de integración das TIC

O Plan de integración das TIC está pendente de aprobación.

11. Concreción do Plan de Convivencia

Un dos obxectivos do curso 2018/2019 é a redacción do Plan de Convivencia para dar cohesión as numerosas accións de mellora da convivencia que se están a realizar. Debería estar aprobado ao rematar o terceiro trimestre do curso. Seguirá en vigor a colaboración co Concello para a realización de servizos sociocomunitarios por parte de alumnado con condutas disruptivas (Anexo 11).

12. Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)

Por correo electrónico con data do 12 de setembro foi enviada aos departamentos didácticos táboa con medidas de atención á diversidade para que fose incluída nas respectivas programacións. Indicábase no devandito correo que a individualización desas medidas se realizaría nas sesións da avaliación inicial (Anexo 12).

13. Orzamento da Consellería

Cómpre seguir na liña de aforro enerxético e adecuación dos medios orzamentarios dispoñibles ás necesidades máis perentorias do centro. É imprescindible seguirmos mellorando a asignación orzamentaria por parte da Consellería para poder acometer aquelas actuacións de mantemento, pequenas obras e adquisicións de material que aínda temos pendentes.

	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
Alumnado	291	413	420	450	442
	2013	2014	2015	2016	2017
Orzamento	52.453 €	72.927 €	70.370 €	80.147 €	69.406 €

Temos que ter en conta que se segue producindo un aumento no volume de ocupación do centro (desdobres, agrupamentos, medidas de atención á diversidade...) e no número de usuarios. Ademais, hai cada vez máis dotacións que manter (actualmente temos os espazos do edificio utilizados a un 100%) e máis reparacións que realizar, e desde xullo de 2017 os mantementos corren todos ao coidado do centro (ata agora facíaos Dragados, empresa construtora do edificio).

14. Avaliación da PXA

A LOMCE asume no seu artigo 141 a redacción que a Lei Orgánica da Educación facía da avaliación entendida como un proceso que atinxe a todos os ámbitos educativos, aplicable tanto á función directiva como ao funcionamento dos centros.

Neste sentido, a PXA debe estar suxeita a un proceso de avaliación continuada a través da análise interna, nas reunións semanais do equipo de dirección, por un lado, e da análise das suxestións xurdidas nas sesións dos diferentes órganos do centro: Claustro, Consello Escolar e CCP.

A memoria final de Dirección recollerá unha avaliación desta PXA segundo a rúbrica incluída como Anexo 13.

Anexo 1



PLAN DE INTEGRACIÓN TIC

[Aprobado en reunión da CCP de ...]

1. INTRODUCCIÓN

Na sociedade da información, na que actualmente nos desenvolvemos, o uso cada vez máis xeneralizado das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) implica cambios en practicamente todas as actuacións que realizamos no eido educativo. Por esta razón, é necesaria unha constante revisión e actualización do uso das TIC como ferramenta de aprendizaxe, investigación e comunicación, da formación básica que se necesita, das infraestruturas e os medios que utilizaremos e da estrutura organizativa dos centros.

Existen outras múltiples razóns para aproveitar as posibilidades que proporcionan as TIC como canles formativas nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre as que atopamos:

- A motivación, xa que os novos medios son máis atractivos para o alumnado e conséguese mellor esa motivación, que constitúe un dos motores da aprendizaxe.
- Unha maior interacción, xa que permanecen máis activos ao interactuar co ordenador, entre eles e co profesor a través da rede.
- Aprendizaxe colaborativa, xa que se facilita o traballo en grupo, o intercambio de ideas e a participación.
- O acceso a múltiples recursos educativos e contornas de aprendizaxe, poñendo ao seu alcance todo tipo de información a través dos medios dixitais e Internet.
- Atención á diversidade. Pódense personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao existiren múltiples materiais e recursos educativos que permiten chegar a cada alumno os máis axeitados ao seu ritmo de aprendizaxe e ás súas circunstancias persoais.

No noso centro o claustro asume a necesidade de incorporar as TIC á súa práctica docente, propoñéndose aprender sobre as TIC como fonte de información e provedoras de recursos didácticos para integralos de forma progresiva e paulatina, e tratar de conseguir, tanto como aprender coas TIC, que estes novos recursos participen xa dunha forma máis habitual e xeneralizada na práctica totalidade das áreas e niveis.

Este plan, unha vez aprobado, formará parte do Proxecto Educativo do Centro e da Programación Xeral Anual, coas modificacións pertinentes cada curso académico.

2. MARCO LEXISLATIVO

- a. *Lei orgánica 2/2006*, de 3 de maio (Artigo 4.e, Artigo 23.e, Artigo 17.i e Artigo 19.2), (BOE do 4 de maio de 2006).
- b. *Decreto 133/2007*, do 5 de xullo (DOG de 13 de xullo de 2007).
- c. *Lei orgánica 8/2013*, do 9 de decembro (Artigo 111) (BOE de 10 de decembro de 2013).
- d. *Decreto 86/2015*, de 25 de xuño (Artigo 3. c) (DOG de 29 de xuño de 2015).



- e. *Instrucións* de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- f. *Orde do 17 de xullo de 2007* da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG de 24 de xullo de 2007).

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais

- Completar e mellorar o equipamento tecnolóxico do centro (a necesidade prioritaria é a dotación dunha 2ª aula de informática e de tabletas para o alumnado).
- Manter e coidar o equipamento tecnolóxico co que xa contamos.
- Converter as comunicacións dixitais na canle prioritaria de comunicación coa comunidade educativa.
- Incorporar a todo o persoal docente do centro no uso das TIC.
- Incorporar as TIC como unha ferramenta máis para obter información e xerar coñecemento no alumnado.
- Propiciar o intercambio de experiencias con outros centros educativos, no ámbito local, nacional e internacional.
- Converter as TIC nun elemento integrador, dando as mesmas oportunidades ao alumnado con independencia da súa condición social e cultural.
- Uso das TIC para a atención á diversidade, potenciando o uso de materiais e estratexias que permitan unha aprendizaxe autónoma.

3.2. Obxectivos co profesorado

- Adquirir o compromiso por parte dos departamentos de crear un apartado nas programacións didácticas no que se recollan as accións que contribúan a mellorar o formulación didáctica a través das TIC.
- Contribuír ao coidado e correcto funcionamento dos equipos informáticos, co apagado de todos os dispositivos dixitais ao remate de cada clase.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula.
- Saber consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades..., participar en foros e crear ou participar en distintas plataformas de colaboración en Internet.

3.3. Obxectivos co alumnado

- Promover boas prácticas TIC que permitan previr o ciberacoso, respectar a privacidade e manexar dun xeito saudable a información que o alumnado transmite e recibe.
- Potenciar a capacidade de aprendizaxe do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.



- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Acadar unha alfabetización dixital real entre o alumnado.
- Utilizar as TIC como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación coa comunidade educativa.
- Utilizar programas e contornas (sistemas operativos) que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas dixitais.

3.4. Obxectivos coa comunidade educativa

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, converténdoo nun elemento común de difusión de actividades, oferta educativa, convocatorias..., e propiciando o contacto con todos os axentes do proceso educativo mediante o uso do correo electrónico e a aplicación *Abalarmóbil* da Consellería.
- Establecer programas formativos dirixidos ás familias coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso.

4. COORDINADOR/A TIC E COMISIÓN DE COORDINACIÓN TIC

4.1. Funcións

Segundo a *Orde do 17 de xullo de 2007*, as funcións do coordinador/a TIC, en colaboración co profesorado da Comisión, serán as seguintes:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC no centro.
- Encargarse do mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Dar soporte no uso didáctico do equipamento informático do centro ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Elaborar, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o plan TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
- Asumir outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

4.2. Criterios de nomeamento

- Prioritariamente, nomearase coordinador/a TIC ao profesor/a que imparta a materia de TIC ou de Informática.

- Non obstante, poderá nomearse coordinador TIC, segundo o criterio da Dirección do centro, calquera profesor/a que asuma a coordinación voluntariamente e que teña coñecementos adecuados para desenvolver esta tarefa.
- A redución horaria do coordinador/a e dos membros da comisión TIC virá determinada polo marco legislativo e axustarase sempre aos recursos dispoñibles no centro.

5. DOTACIÓN TECNOLÓXICA DO CENTRO

Na actualidade (maio de 2016), dispoñemos dos seguintes recursos:

- Carpetas compartidas en rede que conectan os ordenadores dos Cargos Directivos, a Secretaría-Conserxería e a Sala do Profesorado.
- Cobertura de rede sen fíos en toda a área do centro para uso exclusivo do profesorado.
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/>
- Espazo Moodle: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/aulavirtual/>

Dado o uso intensivo e a alta demanda da única aula de informática coa que contamos, consideramos absolutamente prioritario a dotación necesaria para dispor dunha segunda aula de informática.

O IES do Milladoiro dispón, a día de hoxe (maio de 2016), de 61 PC, 63 monitores, 30 portátiles, 37 canóns, 26 PDI, 15 aulas con altofalante de parede, 2 impresoras-escáner, 10 impresoras normais (1 delas en color) e 1 cámara dixital. A organización deste material e dos espazos do centro é a que se recolle na seguinte táboa:

	PC	Monit.	Portát.	Canón	PDI	Audio	Impr.- escán.	Impr.	Observacións
Servidor	1	1							En secretaría
Sala profesorado	6	6						2	
Portátiles rotatorios			4						1 orientación; 2 secretario; 1 vicedirec.
Canóns rotatorios									
Despacho orientación	1	1						1	
Despacho dirección	1	1						1	
Despacho vicedir.	1	1						1	
Despacho xefatura	1	1						1	
Despacho secretaría	1	1					1	1	
Secretaría	1	1					1	1	
Conserxería			1						
Salón de actos			1	1					
Biblioteca	4	4		1				1	
Dto. Lingua Castelá									
Dto. LG+EF+EDL									
Dto. Matemáticas									
Dto. Bioloxía e X.									



Dto. Xeografía e H.								
Dto. Francés+Inglés			1					Portátil uso dto. inglés
Dto. Ec.+Gr.+Fil.+Rel.								
Dto. Tecn.+Física e Q.								
Titoría 1								
ANPA / Titoría 2								
Aula 0-1-1								
Aula 0-1-2	1	1		1		1		
Aula 0-1-3	1	1		1		1		
Aula 0-1-4 (Mús. 2)	1	1		1				
Aula 0-1-5			1	1	1			Aula Amtega 2
Aula 0-1-6	1	1		1	1	1		
Aula 0-2-1 (Tecn.)			1	1	1			Aula Amtega 2
Aula 0-2-2 (Idiomas)			1	1	1	1		
Aula 0-2-3	1	1		1	1	1		
Aula 0-2-4 (Mús. 1)	1	1		1		1		
Aula 0-2-5 (Inform.)	28	28		1				1 PC uso profesorado
Aula 0-2-6 (Plást.)			1	1	1			Aula Amtega 2
Aula 1-1-1			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-1-2			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-1-3	1	1		1		1		
Aula 1-1-4	1	1		1		1		
Aula 1-1-5			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-1-6			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-1-7			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-1	1	1		1	1	1		
Aula 1-2-2			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-3			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-4			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-5			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-6			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-2-7			1	1	1			Aula Amtega
Aula 1-3-1			1	1	1			Aula Amtega 2
Aula 1-3-2 (Deb.)	1	1		1	1			
Aula 1-3-3 (L. F/Q)	1	1		1				
Aula 1-3-4 (L. B/X)	1	1		1				



Aula 1-3-5									
Aula 2-3-1			1	1	1	1			Aula Amtega
Aula 2-3-2	1	1		1	1	1			
Aula 2-3-3	1	1		1	1	1			
Aula 2-3-4			1	1	1	1			Aula Amtega
Aula 2-3-5			1	1	1	1			Aula Amtega
Aula 2-3-6			1	1	1	1			Aula Amtega
Ximnasio									
Almacén	2	4	3					1	1 televisión plana, 1 DVD
TOTAL	61	63	30	37	26	15	2	10	

6. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E PARA A APRENDIZAXE

Resulta imprescindible a coordinación entre o uso das TIC e a Biblioteca, xa que as Bibliotecas escolares, tal como se recolle nas *Instrucións do 1 de setembro de 2015*, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, deben favorecer a alfabetización múltiple, é dicir, a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e as imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica, abundando na idea de que esta competencia é a porta para as futuras aprendizaxes.

Asemade, nestas instrucións faise fincapé en que un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados no funcionamento e organización da biblioteca escolar é a coordinación entre o equipo da biblioteca e os responsables das TIC no centro.

O equipo da biblioteca sérvese do programa MEIGA para a organización e xestión dos seus recursos bibliográficos e audiovisuais a través das TIC, e para o propio manexo dos alumnos na procura de información sobre libros. Ademais, contamos na web do centro cun enlace ao buscador do programa MEIGA.

Varias actividades da biblioteca desenvólvense mediante o uso das TIC:

- Envío de producións dixitais do alumnado para concursos.
- Proxeccións de presentacións e vídeos para a formación de usuarios.
- Uso do correo *gmail* da biblioteca para convocatorias de sesións do club de lectura, para a difusión do boletín de novas da biblioteca *As novas de Leo*, para a convocatoria de reunións das bibliotecas da contorna e outras actividades da biblioteca.
- Mantemento de dous blogs (<http://iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/>, <http://leomilladoiro.blogspot.com.es/>) con contidos sobre recomendacións literarias e actividades relacionadas coa lectura e a formación de usuarios.

7. A WEB DO CENTRO

Contamos dende a apertura do centro cunha páxina web propia (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/>), que se usa para a difusión entre a comunidade escolar



de circulares informativas, de diversos modelos de impresos, da oferta educativa, de convocatorias, de actividades e de accións desenvolvidas ao longo de cada curso. Este sitio web converteuse nunha importante vía de comunicación coas familias.

O profesorado foi implicándose ao longo destes cursos no uso da web do centro, o que permitiu usala como canle de comunicación e de información, para compartir experiencias educativas e empregar diferentes recursos TIC co alumnado, a través dos directorios de recursos dixitais dos departamentos.

Desde o seu comezo entendemos que o espazo web debería cumprir os seguintes obxectivos:

- A web do centro será a principal canle de información e comunicación cos diferentes membros da comunidade escolar.
- Empregarase fundamentalmente para publicitar actividades, programacións didácticas, documentos do centro, convocatorias e información de interese para a comunidade escolar.
- Achegará os pais/nais ás TIC, empregando a motivación de ver as actividades nas que participaron os seus fillos e fillas.
- Achegará o alumnado a Internet, presentando a web como a forma de acceder a gran cantidade de información académica.

8. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

A proposta de avaliación é a de que o coordinador/a, en colaboración coa comisión TIC, organice a final de curso unha reunión dos membros desta comisión para valorar as actuacións realizadas nos seguintes aspectos:

- Recursos dixitais: funcionamento dos recursos dixitais empregados, problemas técnicos xurdidos, valoración e análise dos medios dixitais.
- Web do centro: cantidade e dinamismo dos contidos pendurados na web do centro, porcentaxe de profesorado que incorpora medios dixitais, número de cursos creados na aula virtual, alumnado matriculado nos cursos da aula virtual.
- Uso das TIC por parte do profesorado.
- Comunicación dixital coa comunidade educativa.

9. PLAN DE FORMACIÓN TIC

- Profesorado: procurarase proporcionarlle ao profesorado a formación que demande en función das súas necesidades (uso de PDI, aula virtual...).
- Alumnado: prevese levar a cabo a formación dun grupo de alumnado en actuacións de cibermentoría.
- Familias: procurarase a implicación e potenciación entre as familias do uso da aplicación *Abalarmóbil*; realizaranse charlas orientativas para previr o ciberacoso e un uso saudable das TIC.

10. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PLAN

- Potenciaranse as relacións necesarias cara aos medios de comunicación locais, para a inclusión neles do maior número posible de noticias e informacións elaboradas dende o plan TIC do centro.



- Procurarase editar en soporte dixital todo o material elaborado, tanto didáctico como documental creado dende o plan TIC.
- Na programación xeral anual de centro incluírase, se procede, a actualización deste plan cada curso escolar, ademais de publicarse na web do centro dentro do PEC.

11. ANEXOS

Anexo 1. Webs e documentos de axuda

Anexo 2. Normas de uso da aula de informática

Anexo 3. Plano coa distribución dos recursos tecnolóxicos



Anexo 1. Webs e documentos de axuda

- [Rede de centros TIC](#)
- [Portal Galego de Contidos Educativos](#)
- [Guía de boas prácticas en elaboración de páxinas web](#)
- [O modelo pedagógico CAIT](#)
- [Os obxectivos educativos](#)
- [Taxonomía de materiais e recursos educativos dixitais](#)
- [O encerado dixital como recurso na aula](#)
- [Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación](#)



Anexo 2. Normas de uso da aula de informática

- Para o uso da aula o/a profesor/a responsable deberá estar presente durante toda a sesión. Non se permite o acceso para gardas nin con finalidades lúdicas.
- É importante comprobar ao inicio e ao final da clase o estado do equipo informático, avisando ao/a profesor/a en caso de detectar algunha anomalía. AO INICIO DA CLASE, CADA ALUMNO/A DEBERÁ ANOTAR O SEU NOME E APELIDOS NO LIBRO DE CONTROL DE AULA, INDICANDO O NÚMERO DE ORDENADOR E AS POSIBLES INCIDENCIAS. É obrigatorio encher o parte cada vez que se usen os ordenadores.
- Ao remate da sesión os equipos deberán apagarse correctamente, deixando o mobiliario colocado e as mesas limpas.
- Está prohibido comer ou beber na aula, así como deixar papeis ou lixo tirado ou encima das mesas.
- Non se permite borrar ou modificar calquera información que non sexa a estritamente persoal de cada usuario, así como tampouco a almacenaxe de información ilegal ou ofensiva.
- Está prohibido manipular ou mover os ordenadores e periféricos da súa situación orixinal, nin desconectar cable ningún. Todas as actividades realizadas cos ordenadores están suxeitas a monitorización e rexistro.
- Os alumnos/as serán responsables dos estragos e deterioracións que poidan causar intencionadamente, por uso inaxeitado ou como consecuencia de actividades prohibidas no mobiliario da aula ou nos equipos informáticos.
- A reparación derivada dun uso inaxeitado dos recursos TIC será por conta dos/as alumnos/as responsables. A factura do servizo técnico será presentada aos pais, nais, titores ou responsables legais do/a alumno/os causante/s dos danos, tanto en software, como en hardware ou mobiliario da sala.
- Denegaráselle o acceso a esta aula ao alumnado que incumpra estas normas.



Anexo 3. Plano coa distribución dos recursos tecnolóxicos

Anexo 2

Que pasa coa **comunicación** entre **algunhas familias** e o **profesorado** no IES do Milladoiro?

Algúns feitos

- Non consultar a páxina web, falta de interese por saber a quen preguntar e como
- Non contestar ao teléfono, non acudir ás citas, acudir sen cita esixindo atención inmediata
- Non respectar procedementos e prazos
- Protestar directamente na inspección
- Pouca colaboración coas normas do centro (ex: móbiles, sancións...)
- Cuestionamento da profesionalidade do profesorado, incluso indicando que e como facer
- Faltas de respecto verbal

Sentimento do profesorado

- Malestar e desgaste
- Exceso de tempo dedicado a explicar, rexistrar, atender e facer escritos
- Non respecto pola súa profesionalidade
- ...

Propostas de mellora

- Respetar ámbitos de actuación
- Respetar procedementos e tempos establecidos en caso de conflito:
 - Profesorado/titora/equipo directivo
 - Anpas
 - Consello Escolar
 - Inspección
- O interese común: o alumnado

Anexo 3



Propostas de colaboración no curso 2018/2019

A proposta, que pretende rendabilizar o traballo que ás veces se realiza de forma aillada, ten varios obxectivos:

- Relacionar e coordinar os departamentos interesados ao redor un proxecto.
- Relacionar as accións realizadas polos departamentos coa actividade da Biblioteca.
- Relacionar as propostas de Vicedirección coa actividade dos departamentos.
- Coordinar as propostas do Plan de Acción Titorial cos currículos.
- Incluír os proxectos de coordinación dentro das programacións didácticas.

1. Propostas de colaboración entre departamentos, entre os departamentos e a biblioteca, entre a biblioteca o os departamentos de dinamización

1.1. Coordinación entre departamentos

- Actividades extraescolares e complementarias
- Lecturas obrigatorias (véxase apartado de Biblioteca)

1.2. Proxecta

1.3. Propostas de Vicedirección

1.3.1. Proxecto interdisciplinar: *A historia das nosas avoas*

O resultado do traballo realizado no curso 2017/2018 está dispoñible en (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1100>).

1.3.2. EduLab (AGARESO)

AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios) desenvolve no noso centro e en colaboración con outros centros de Galicia o obradoiro EpdLab (Laboratorio de Educación para o Desenvolvemento). Trátase dun obradoiro multimedia de comunicación que ten como obxectivo primordial a formación no uso das TICs como medio de comunicación para a sensibilización social e a formación en valores.

Os traballos realizados no curso 2017/2018 poder visualizarse en <https://epdlab.gal/>

1.3.3. A Muller no Sur (AGARESO/ACPP)

A exposición A Muller no Sur invita a realizar un percorrido en primeira persoa e coñecer as causas e as consecuencias da discriminación por xénero, realizando un percorrido polos seguintes eixes a través de 10 paneles expositivos que tratan a educación e analfabetismo, autonomía e empoderamiento, dereitos sociais e económicos, feminización da pobreza, barreiras á saúde e violencia de xénero, invisibilidade da muller, avances e camiños por percorrer, etc.

Complementario á visita poderá visualizarse o documental *A Muller no Sur* de 30 minutos de duración, que axudará a percorrer dun xeito moi visual, as principais situacións de desigualdade que por cuestión de xénero, que padecen moitas mulleres e nenas en todo o mundo. Este documental está protagonizado por 11 mulleres, e fai un percorrido, a miúdo autobiográfico, sobre a situación da muller nos países do Sur, poñendo de manifesto as dificultades con que se atopan as mulleres (tanto no Norte como no Sur) no camiño cara ao desenvolvemento de sociedades plenamente igualitarias. Trabállanse sobre testemuño de mulleres activistas de Palestina, Israel, Túnez, Marruecos, Mauritania, España, Guinea Bissau, Haití, República Dominicana, Fonduras e Nicaragua. Posterior á visualización realizarase un debate tomando



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Travesía do Porto, 5-A
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881959514 / F. 881978766
ies.milladoiro@edu.xunta.es



como referencia as actividades programadas na guía didáctica e o extraído das sesións previas de preparación.

Os/as docentes interesados/as poderán solicitar outras expos co material didáctico correspondente (“Produtores do Sur e Comercio Xusto”, Democracia e Participación e Migracións e Refuxio)

1.3.4. Obradoiro educomunicativo: Youtubers (Agareso)

As TIC é a forma de comunicación máis habitual no alumnado de secundaria, polo tanto a través deste obradoiro intentamos que adaptarnos as súas ferramentas de comunicación e promover que utilicen as redes sociais e as novas tecnoloxías de forma consciencia e cun obxectivo social. Deste xeito formaremos neste obradoiro a “youtubers polo cambio social”. Na primeira sesión abordaremos que é e como funciona o youtube, quen son os seus referentes de “youtubers” e que mensaxes lanzan estes personaxes das redes. O obxectivo é que entendan a importancia de ser un líder de opinión, como a través destas canles se reproducen mensaxes sexistas, xenófobos e intolerantes, pero tamén que hai maneiras de empregar esta ferramenta para contar historias, para denunciar feitos inxustos ou para loitar contra os prexuízos con humor. Na segunda sesión crearanse grupos de dúas ou tres persoas que decidirán que causa queren defender a través do youtube, se lles dará formación para gravación e edición desde os propios móbiles e de como incorporar efectos ou sons. Os vídeos terán que ser gravados fóra do horario dos obradoiros de forma autónoma (como fan os verdadeiros/as youtubers), pero na última sesión analizarase todo o traballo feito, que terá que pasar os filtros de “comunicación para o cambio social”.

Os vídeos subiranse ás propias canles de youtube das organizacións previa autorización das nais e dos pais, e promoverase que sexan movidos nas diferentes redes sociais, propias e do centro educativo.

1.3.5. Propostas de charlas para o alumnado de Nova Escola Galega

1.4. Propostas de Biblioteca

1.4.1. Conmemoracións

Outubro: Día das bibliotecas/25 de Novembro: Xornada pola eliminación da violencia de xénero/ Samaín/Decembro: Declaración universal dos Dereitos Humanos/ 8 de marzo/Abril: Festa do Día do libro/Maio: Día das Letras Galegas

1.4.2. Lectura obrigatorias

O equipo da Biblioteca presenta as seguintes suxestións:

- Interdisciplinabilidade: na medida do posible podería ser factible que unha mesma lectura fora aproveitada por varios departamentos.
- Lecturas non simultáneas nos distintos grupos: Se o programa o permite, poderíase cambiar a orde de lectura, de xeito que non todos os grupos dun mesmo nivel tiveran que ler no mesmo trimestre o mesmo libro.
- Optatividade: Se podemos propor varios libros para escoller, temos máis títulos e o alumnado repártese máis á hora de escoller un.
- Facer unha selección sobre aquelas lecturas que funcionen ben e que gustan e tentar mantelas un mínimo de dous cursos. Quedará marxe para cambiar as que non resulten, para as novas publicacións ou para as suxestións do profesorado que se incorpora ao centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

Travesía do Porto, 5-A
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881959514 / F. 881978766
ies.milladoiro@edu.xunta.es



- Estudar a listaxe de lecturas obrigatorias e, se se descarta alguna, valorar a posibilidade de incluíla en lecturas recomendadas.

-O equipo pode enviar unha carta ás ANPAS pedindo que unha vez que o alumnado xa non precise estas lecturas fagan unha doazón á Biblioteca.

Estas propostas fanse extensibles aos DVDs e aos libros comprados con orzamento dos distintos departamentos. Se facemos da Biblioteca o centro de recursos de todo o centro, estes chegarán a un número maior de alumnos e alumnas.

1.4.3. Outros

Biblioteca informa que a principio de curso levará a cabo a formación de usuarios, para que a alumnado coñeza unhas instrucións básicas para moverse pola Biblioteca e atopar os libros, pero tamén para que aprenda a utilizar os catálogos da nosa ou doutras bibliotecas. Esta formación chegaría a máis alumnado, se varios departamentos se implican.

1.5. Axenda Escolar Feminista (Asamblea de Cooperación Pola Paz e AGARESO)

Elaboración da axenda escolar 2019/2020 que recolla as achegas de diferentes mulleres do entorno dos oito centros de ensino incorporados á Rede de Escolas sen Racismo.

Historia de vida de unha ou varias mulleres importantes para o seu centro ou para a súa vila, que contribuíron cos seus traballos en diferentes ámbitos do activismos, da cultura, da educación, etc.



2. Coordinación dos departamentos coas accións do Plan de Acción Titorial

Previsión dalgúns obradoiros para o curso 2018-19

En vermello, os departamentos que interviñeron no curso 2017/2018

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	Obradoiro (semanal) de “Educación afectivo-sexual” (Concello)	Obradoiro: “Diversidade cultural”(igaxes3) e Teatro Foro (ACPP)	TEI: Actividade cooperativa: Obradoiro: “Redes Sociais”
2º ESO	- Obradoiro de “Igualdade” (igaxes3) - Programa semanal de Prevención de condutas aditivas (Concello)	-Obradoiro de “Resolución de conflitos” -TEI: “El Novato” (Dpto. Francés)	Acollida 6º Primaria
3º ESO		-Obradoiro (semanal) de “Educación afectivo-sexual” (Concello) (Dpto. Bioloxía e Xeo)	
4º ESO	- Programa semanal Prevención de condutas aditivas (Concello) - Obradoiro de “Relacións igualitarias” (ACPP) (Dpto. Xeografía e Hª)	-Orientación: “Programa de orientación académica - profesional” (Dpto. Economía)	
1º BACH			-Orientación: “Programa de orientación académica - profesional” (Dpto. Economía)
2º BACH		-Programa “Orientación académica – profesional para 2º BACH” (Dpto. Economía)	

3. Propostas do Concello Proxecto DAFIS

Anexo 4

"CONSERVA O TEU INSTITUTO"

Curso 2018/2019

A convivencia é unha das bases fundamentais do instituto, por iso imos premiar aquelas alumnas e alumnos que a favorezan. Un dos aspectos que teremos en conta é a limpeza e conservación do noso espazo.

A IV OLIMPIADA DE CONVIVENCIA, terá como lema “**Conserva o teu instituto**”, co propósito de que o alumnado comprenda que o respecto polos espazos repercute nun mellor clima de convivencia no Centro.

A Olimpíada consistirá en premiar aqueles aspectos da limpeza e coidado das aulas e do Centro con puntos (de 0 a 50) que se irán acumulando ata final de trimestre e de curso. Na Olimpíada non se terán en conta os estragos existentes antes do inicio do concurso. Para coñecer estas eivas, os alumnos/as cubrirán unha acta describindo a situación da súa aula, que no caso dalgúns desperfectos irán acompañados de fotos. A acta entregarana en dirección e as fotos remitiranse ao correo mariajo.fer.mar@gmail.com . É importante que nesta **acta inicial** se reflectan o estado das paredes, os zócalos, os teitos, os armarios, as mesas (na parte superior e inferior), as cadeiras etc.

CREACIÓN DUNHA COMISIÓN

Para levar a cabo a Olimpíada crearase unha comisión que estará formada por dúas profesoras (encargadas da convivencia), dous alumnos/as voluntarios (entre os voluntarios haberá rotación mensual), 1 pai/nai (rotarase mensualmente entre as dúas anpas do Centro). Ademais solicitarase información adicional ao persoal de limpeza do Centro. Esta comisión revisará as aulas e dependencias do centro polo menos unha vez ao mes, de forma aleatoria e en horario que pode variar. En cada revisión obterase unha puntuación que será acumulativa.

REVISIÓN PERIÓDICA DA ACTA INICIAL E DAS ACTAS MENSUAIS DA COMISIÓN

En cada trimestre realizarase unha revisión por parte dun profesor da clase e do alumnado e comprobarase o estado da aula en relación coa acta inicial (levantada nas primeiras sesións do curso) e coas incidencias mensuais detectadas (de ser o caso) pola comisión mensual. Desta revisión levantarase acta. Esta revisión realizarase en todos os cursos nas seguintes datas e horarios:

20 novembro, martes, 1ª hora

19 febreiro, martes, 2ª hora

14 maio, martes, 3ª hora

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN PARA A COMISIÓN

Puntuarase do 10 a 50 cada un dos seguintes apartados:

- **LIMPEZA DAS MESAS**
 - Se o día da visita as mesas están limpas por enriba e por debaixo (non pintadas, non raiadas, nada pegado) (ata 20 puntos).
 - Se o persoal da limpeza ten algunha anotación no mes neste concepto (descontarase 10 puntos).
- **LIMPEZA E ORDE DA AULA E DOS ARMARIOS**
 - Se o día da visita a aula, armarios, material escolar, colgadoiros e demais mobiliario da clase está ordenado (ata 20 puntos).
 - Se o persoal da limpeza ten algunha anotación no mes neste concepto (descontarase 10 puntos).
 - Valorarase negativamente a utilización de obxectos impropios dun centro educativo para decorar a aula. Estes obxectos, ademais de valorarse negativamente, serán retirados de xeito inmediato.
- **COLOCACIÓN DAS CADEIRAS**
 - Se o día da visita as cadeiras están enriba das mesas todas as cadeiras ou como máximo dúas sen levantar 30 puntos; se faltan menos de 5 cadeiras por levantar: 20 puntos; resto de casos: 0 puntos).
- **LIMPEZA DO CHAN**
 - A comisión valorará a limpeza do chan tendo en conta ademais do estado do día da visita as anotacións do persoal de limpeza (0-20-40 puntos).
- **PAREDES E TEITOS**
 - As paredes e os teitos están nas mesmas condicións da acta inicial (ata 10 puntos).
- **LIMPEZA E COIDADADO DO CORREDOR DO NIVEL CORRESPONDENTE Á AULA QUE SE CUALIFICA**
 - Sumaráselle puntuación a todas as clases que se localicen nel (ata 30puntos).

Deberase ter un coidado especial se cae tinta ou fluído corrector; limparase no momento (sempre baixo a supervisión dun profesor na aula ou un profesor de garda nos corredores).

Debemos ter presente que os baños son un espazo compartido por todos e todas e que os temos que coidar.

HABERÁ PREMIOS Para o grupo da ESO con maior puntuación:

PREMIO TRIMESTRAL Invitación a un refresco nunha hora de titoría na cafetería.

PREMIO FINAL DE CURSO Petiscos na cafetería para o grupo e o/a titor/a, ou excursión subvencionada.

Debemos colaborar todo o alumnado e o profesorado no mantemento da limpeza dos corredores nos recreos, para facilitar isto, haberá vasoiras e recolledor nos dous corredores

Anexo 5

Rede do IES do Milladoiro: Balance do curso 2017/2018

Coa reunión do 15 de xuño, a [Rede do IES do Milladoiro](#), posta en marcha no curso 2015/2016, remata o seu terceiro ano de funcionamento. A Rede é unha mesa de traballo coas institucións coas que traballan no centro e que ten como eixes a convivencia e a saúde, a saúde a convivencia. A mellora da convivencia e da saúde escolares teñen un impacto positivo nos resultados académicos, na comunidade educativa ao mesmo tempo que, a pequena escala, contribúe a mellorar a convivencia e a saúde na localidade na que o centro desenvolve a súa actividade: O Milladoiro. Trátase dun traballo que feito en rede ofrece mellores resultados e, sobre todo, os seus beneficios chegan a toda a comunidade.

Forman parte da Rede Anpa Ágora do IES do Milladoiro, Anpa do IES do Milladoiro “Anpa Milla”, Asamblea de Cooperación pola Paz (Acpp), Asociación de Empresarios do Milladoiro, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), Centro de Educación Primaria de Ventín, Centro de Saúde, Concello de Ames, Departamento de Didácticas Aplicadas da USC, Escola Infantil do Milladoiro, Fundación Secretariado Xitano, Garda Civil do Milladoiro, Inspección educativa (neste curso 2017/2018 participou tamén a Inspección do CEP de Ventín), IES do Milladoiro e Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxes3).

No curso 2017/2018 a Rede celebrou tres encontros plenarios (15 de decembro de 2017, 16 de febreiro e 15 de xuño de 2018) e numerosas reunións bilaterais. No curso 2017/2018, participaron por primeira vez representantes do alumnado, que solicitaron, no que se refire ao Instituto, máis charlas de formación sobre LGTBI e, no que se refire ao Concello, máis espazos para a mocidade. Nese sentido, Anpa do IES do Milladoiro “Anpa Milla” solicitou ao alumnado propostas de charlas para incluír na programación do próximo curso. As representantes do alumnado propuxeron que sería interesante, con vistas ás futuras reunións da Rede que houbera unha persoa por cada dous niveis de ensinanzas.

Froitos do traballo realizado son, entre outros, a aprobación dun escrito sobre alumnado que non coñece ningunha das linguas oficiais, asumido pola CCP do 30/1/2018, os acordos entre o Colexio de Ventín e o Instituto para o intercambio de información, a redacción dun procedemento, pendente de aprobación, de intercambio de información cos servizos sociais e outras institucións de alumnado en situación de risco, ou a visibilización da Rede en congresos de educación ([Setúbal](#), xuño de 2018), a través da publicación dun artigo na *Revista Galega do Ensino*, de Nova Escola Galega e, sobre todo, mediante un vídeo realizado por alumnado do Instituto coa asesoramento técnico de persoal de [Agareso](#), que, ademais, desenvolveu, un ano máis, o obradoiro Epdlab, (<https://epdlab.gal/>).

A existencia da Rede tamén facilitou a colaboración do Instituto con institucións como o Concello de Ames, polo que o alumnado do centro participou en actividades como a charla sobre [orzamentos participativos](#), o [Club de debate](#), un [concurso radiofónico](#), os concursos de [teatro lido](#) e de [maxia](#), o concerto do [Coro Son Elas](#), así como os obradoiros “[O bo trato](#)”, para 1º da ESO, “[A xestión do consentimento e as relacións afectivo-sexuais en mozos e mozas](#)”, para 3º da ESO, e sobre [prevención de condutas adictivas](#) para 2º e 4º da ESO. Ademais, na reunión do 15 de xuño, o Concello informou de que está prevista a medio prazo a construción dun centro multifuncional que podería dar servizo á mocidade, da continuidade do programa de prevención de consumos. Comunicou, por outra banda, que o protocolo da Xunta contra a violencia está a piques de ser publicado e que, a principios do próximo curso, se repartirá una guía escolar.

Finalmente, informou do funcionamento dun grupo de traballo sobre coeducación. Sobre esta cuestión, o director do CEP de Ventín informa de que o CAFI está promovendo unha escola de familias que oferta cursos.

Foi particularmente intensa a colaboración do centro con Igaxes, que realizou numerosos obradoiros preventivos (“[Bo uso das tecnoloxías](#)”, en 1º da ESO; obradoiro sobre “Sexualidade e relacións coercitivas” para 3º da ESO; [Obradoiro sobre diversidade cultural para alumnado de 1º da ESO](#); sobre resolución de conflitos e igualdade e bos tratos para 2º da ESO). Igaxes realizou titorías individualizadas (23 persoas), sesións de fortalecemento familiar (9 familias atendidas), terapias familiares (13 familias) e apoio escolar (5 persoas), acción que cobren, aproximadamente, unha cuarta parte das necesidades detectadas.

É de destacar, por outra banda, a colaboración entre as distintas entidades que forman a Rede. Sirva como exemplo a comunicación entre a Anpa do IES do Milladoiro “Anpa Milla”, o Concello e a ACPP para organizar a Escola de Familias (“[Establecendo vínculos](#)”), nas que tamén estivo presente o Centro de Saúde, que sempre atendeu as necesidades do Instituto. Resultou de especial utilidade a xornada sobre orientación profesional “[Construíndo o meu camiño](#)”, froito da colaboración entre Vicedirección, Departamento de Orientación e Anpa do IES do Milladoiro, “Anpa Milla”, así como as accións de Anpa Ágora para difundir as actividades do centro e para a organización de actividades extraescolares, entre outras.

Froito da colaboración entre Agareso, ACPP, o IES do Milladoiro e outros centros que forman parte da Rede Galega de Escolas sen Racismo (IES Xulián Magariños, Negreira; IES G. Torrente Ballester, Pontevedra; IES Laxeiro, Lalín; CEIP López Ferreiro, Compostela; CEIP Apóstolo Santiago, Compostela; e CPR Vilas Alborada, Compostela) é a Axenda Escolar Feminista (?????), que inclúe a biografía de Filomena Fraga, veciña do Consello de Ames, redactada por alumnas do Instituto. A axenda será entregada ao alumnado de 1º da ESO do curso 2018/2019. Cabe a posibilidade de repetir a experiencia para o curso seguinte.

Da colaboración entre Agareso e ACPP resultou o obradoiro Escolas sen Racismo, e de Agareso coa Fundación Secretariado Xitano o de cultura xitana “[Desmontando prexuízos](#)”. Na reunión do 15 de xuño, ACPP puxo a disposición do centro a exposición *A Muller no Sur*, que invita a coñecer as causas e as consecuencias da discriminación por xénero, as mostras xa existentes (Comercio Xusto, Democracia e Participación, Migracións e Refuxio) e o *Obradoiro educativo: Youtubers*.

Na reunión do 15 de xuño, a Fundación Secretariado Xitano destacou o traballo realizado arredor do programa Promociona, que facilitou a celebración de catro reunións conxuntas entre o alumnado que participa nese programa e o Instituto. O IES do Milladoiro estivo presente na celebración do Día Internacional do Pobo Xitano e no Re-Encuentro de Estudantes e Familias Xitanas. Fundación Secretariado Xitano informou, ademais, da existencia dunha [Guía sobre acoso escolar](#) e da campaña [Gitanas en estereo](#). Con vistas ao curso 2018/2019 anunciou que intentarían difundir entre as familias a ferramenta Abalarmóbil.

O IES do Milladoiro recibiu tres alumnas do Máster de secundaria da USC e abriu as súas portas á colaboración con investigacións desenvolvidas pola Universidade de Santiago e outras co proxecto COMDEMO (Competencias sociais para unha cidadanía democrática: análise, desenvolvemento e avaliación) do Departamento de Didácticas Aplicadas da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Froito desa colaboración foi a observación activa por parte dunha doutoranda de dito Departamento na materia de Paisaxe e Sustentabilidade (1º da ESO)

ao longo de todo o curso ou a edición da publicación de traballo promovido pola Vicedirectora [*A historia das nosas avoas*](#), biografías redactadas por alumnado de 1º, 3º e 4º da ESO, no que participaron a Biblioteca e os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega e Xeografía e Historia. O obradoiro “Anaquiños matemáticos” tamén é froito da colaboración coa USC e Igaxes.

Por todas estas razóns, a valoración do traballo da Rede é positiva polo que no primeiro trimestre do curso 2018/2019 retomará as súas reunións.

Rematada a sesión do 15 de xuño, as persoas asistentes compartiron co alumnado a estrea do [*vídeo sobre a Rede do IES do Milladoiro*](#), elaborado por un grupo de alumnas e alumna baixo a dirección técnica de Agareso.

Agradecemento a Paula López Senín

A Rede do IES do Milladoiro agradece a Paula López Senín, xefa de estudos que non estará no Instituto a partir do curso 2018/2019, a dedicación, iniciativa e humanidade demostradas no magnífico traballo realizado durante todos estes anos.

Anexo 6

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALLEGO DE GESTIÓN PARA EL 3º
SECTOR E O IES DO MILLADOIRO PARA O DESEÑO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA
CONECTA-ALEIDA**

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte

D. Carlos Rosón Varela, con DNI n.º 52481365B, como Director, no nome e representación do INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA EL 3º SECTOR - IGAXES3, con CIF n.º G15784978, con domicilio social en Rúa da Muíña 24, de Santiago de Compostela (en adiante IGAXES3).

Doutra parte

D. Víctor M. Santidrián Arias, con DNI n.º 05377587A, como Director, no nome representación do Centro Educativo IES do Milladoiro, con CIF n.º S1500113D, con domicilio social en R/Travesía do Porto, 5-A, 15895 O Milladoiro-Ames (en adiante IES MILLADOIRO).

Recoñécense mutuamente lexitimidade e capacidade para acadar acordos vinculantes para as entidades que representan sobre a base dos seus respectivos estatutos e normas e na súa virtude

EXPOÑEN

Que o presente Acordo ten como obxecto formalizar a colaboración entre ambas as entidades para o desenvolvemento do Programa CONECTA–ALEIDA, que ten como obxectivos:

OBXECTIVO XERAL

Previr situacións de risco ou exclusión social dos/as mozos/as, incidindo directamente no fracaso escolar, a través das ferramentas innovadoras que se axustan ás características individuais ou grupais na procura do seu empoderamento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Reducir as condutas disruptivas.

- Previr o fracaso escolar e o risco de exclusión social.
- Formar en autonomía e independencia.

- Capacitar o alumnado coas competencias socioemocionais básicas como autoconciencia, autorregulación, autocontrol, motivación, empatía, manexo dos conflitos ou colaboración e cooperación para favorecer o desenvolvemento da súa personalidade.
- Formar para prever situacións de risco derivadas do consumo de drogas, as relacións sexuais inadecuadas e o mal uso das novas tecnoloxías (ciberacoso, sextorsión, *sexting*, etc.)
- Fomentar a cohesión do grupo, a cooperación e o traballo en equipo.
- Traballar individualmente ou en grupos reducidos con aqueles/as alumnos/as que pola súa situación sociofamiliar requiren unha intervención máis específica.
- Dotar de estratexias as familias, para facilitar cambios que lles permitan facer fronte ás dificultades xurdidas dentro e fóra do ámbito familiar.
- Mediar entre a familia, o mozo e o centro educativo para prever situacións de risco.

Ao ser necesaria para estes fins a alianza entre ambas as entidades subscríbese o seguinte ACORDO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Acordo. Este Acordo ten por obxecto o deseño e execución por parte de IGAXES3 do programa CONECTA–ALEIDA no IES MILLADOIRO, durante o curso escolar 2016/2017. A relación da colaboración establecerase para realizar actuacións co alumnado, as familias, o centro escolar ou outros axentes externos. As actuacións realizaranse de maneira individual ou grupal.

Segunda. Compromisos das partes

IGAXES3 comprométese a:

- Desenvolver o programa CONECTA–ALEIDA no centro educativo, o que implicará as seguintes accións:
 - ✓ *Talleres Preventivos:*
 - *Coñece a nosa cultura: 1º ESO (catro aulas).*
 - *Resolución de conflitos: 2º ESO (catro aulas).*
 - *Bo uso das novas tecnoloxías: 1º ESO e 3º ESO (oito aulas).*
 - *Sexualidade e relacións coercitivas: 3º ESO (catro aulas).*
 - *Igualdade: 2º ESO (catro aulas).*
 - ✓ *Titorías de mediación no conflito e prevención do acoso escolar: 8 titorías por ano escolar.*

- ✓ *Escola de familias.*
 - ✓ *Intervención familiar: 5 familias por ano escolar.*
 - ✓ *Escola de vida: 3 participantes por ano escolar.*
 - ✓ *Posibles accións solicitadas polo IES Milladoiro dentro dos contrato-programa (sempre que lle fose concedida a dotación económica necesaria solicitada).*
- Comunicarlle ao IES MILLADOIRO calquera incidencia relevante referida a calquera dos casos adscritos ao Programa.
 - Informar das posibles variacións na programación da intervención.
 - Coordinar as actuacións para o mellor aproveitamento do Programa por parte do Centro.
 - Manter informado o Centro, mediante a vía acordada por ambas as partes, da evolución dos casos en seguimento.

O IES MILLADOIRO comprométese a:

- Facilitar a IGAXES3 a información necesaria sobre o alumnado candidato a participar no Programa.
- Confirmar a adecuación dos casos derivados ao perfil marcado polo Programa.
- Manter actualizada a información referida aos casos adscritos cando sexa solicitada por parte do Programa.
- Comunicarlle ao Programa calquera incidencia relevante referida a calquera dos casos adscritos ao Programa.
- Prover dos recursos e apoios posibles ao alumnado adscrito ao Programa.
- Permitir a IGAXES3 a entrada e a intervención co alumnado, así como para realizar o seguimento do Programa. Ambas as partes acordarán o horario máis óptimo para estas intervencións co alumnado, de forma que non interfiran no desenvolvemento da xornada escolar.
- Facilitar o acceso e comunicación do equipo do programa ás reunións con titores ou outro persoal do Centro, para o seguimento dos casos adscritos.

AMBAS AS ENTIDADES comprométese a:

- Executar o Acordo conforme á metodoloxía e as cláusulas específicas.

Terceira. Dotación económica. Este convenio parte sen dotación económica. Non obstante, será revisado en todo o seu contido en función do posible futuro financiamento obtido polo IES MILLADOIRO para a execución das accións obxecto do Acordo.

Cuarta. Difusión. Este proxecto artículase como unha colaboración conxunta entre ambas as entidades. Calquera acción de comunicación relativa a el deberá contar coa aprobación previa do órgano correspondente e a presenza do resto de entidades involucradas. Así mesmo, previa autorización do órgano correspondente, as partes poderán difundir o contido e resultados do presente Acordo nos seus medios ou foros correspondentes e incorporar esta información, se procede, nas súas memorias anuais.

Quinta. Comisión de seguimento. As partes acordan constituír unha comisión paritaria de seguimento para a análise e resolución de todas as cuestións relativas a este Acordo, que estará formada por dous representantes designados polo IES MILLADOIRO e IGAXES3. Durante a vixencia do Acordo, a comisión de seguimento reunirse periodicamente en función das necesidades que vaian xurdindo ou por solicitude de calquera das partes.

Sexta. LOPD. As partes terán en conta todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como no Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e en calquera outra norma vixente ou que no futuro se poida promulgar sobre esta materia.

Sétima. Vixencia. Este Acordo terá unha duración inicial do curso escolar 2016/2017. Transcorrido este período procederase a unha avaliación conxunta e determinarase a súa renovación por prórrogas sucesivas, determinando por ambas as partes a duración e supeditándoas á avaliación continua.

E en proba de conformidade asínase o presente Acordo na data e lugar arriba indicado.

Polo IES MILLADOIRO

Por IGAXES3

Víctor M. Santidrián Arias

Carlos Rosón Varela

Anexo 7

PROGRAMA PROMOCIONA

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACIÓN SECRETARIADO
XITANO E O CENTRO EDUCATIVO IES MILLADOIRO



Promociona

Por el éxito escolar
de la comunidad gitana

Dunha parte, Eva Vera Ledo, Directora Territorial da Fundación Secretariado Xitano en Santiago de Compostela.

Doutra parte, Victor M. Santidrián Arias como Director do Centro Educativo IES Milladoiro.

EXPOÑEN

Que o presente Convenio ten como obxecto formalizar a colaboración entre ambas entidades para o desenvolvemento do Programa Promociona. Os obxectivos do programa son:

Obxectivo Xeral

Conseguir taxas máis elevadas de éxito escolar na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), e promover a continuidade en estudos postobrigatorios para reducir o abandono escolar temperá.

Obxectivos específicos

- Facilitar a transición entre etapas educativas obrigatorias, a permanencia no sistema educativo e a promoción a estudos posteriores.
- Xerar e potenciar as condicións necesarias para propiciar o éxito da comunidade educativa: alumnado, familias, centros educativos, axentes sociais e comunidade.

CLÁUSULAS

Primeira: A relación de colaboración establecerase para realizar actuacións co alumnado, as familias, o centro escolar e/ou outros axentes externos. As actuacións realizaranse a nivel individual, grupal e sociocomunitario, tendo como prioridade as actuacións a nivel individual co alumnado e as familias.

Segunda: As actuacións irán dirixidas a reforzar a transición entre etapas, facilitar o logro de obxectivos curriculares; favorecer a comunicación e relación familia-centro; favorecer a adquisición ou afianzamento de hábitos, rutinas e normas escolares; favorecer a promoción a estudos postobrigatorios; e favorecer a inclusión da educación intercultural.

Terceira: En todo o desenvolvemento do presente Convenio, respectarase de forma escrupulosa a Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e nas posibles cesións dos mesmos. Os pais e/ou nais dos menores (ou os seus representantes legais) firmarán un documento no que autorizan a os/as

- ✓ Permitir a Fundación Secretariado Xitano a entrada e a intervención co alumnado, así como para realizar o seguimento do Programa. Ambas partes acordarán o horario máis óptimo para estas intervencións co alumnado, de forma que non interfiran no desenvolvemento normalizado da xornada escolar.
- ✓ Facilitar a asistencia do representante da Fundación Secretariado Xitano (Programa Promociona) ás reunións con titores ou outro persoal do Centro, para o seguimento dos casos adscritos.

A Fundación Secretariado Xitano, como entidade responsable do Programa comprométese a:

- ✓ A execución das actuacións propostas que se valoren convenientes no PII do alumnado adscrito ó Programa.
- ✓ Manter informado ó Centro, mediante a vía acordada por ambas partes, da evolución dos casos en seguimento.
- ✓ Informar das posibles variacións na programación da intervención.
- ✓ Coordinar as actuacións para o mellor aproveitamento do Programa por parte da comunidade educativa.

E para que así conste, ambas partes asinan o presente Convenio por duplicado, en Milladoiro (Ames), a 17 de setembro de 2018.

Sinatura e selo



Fundación
Secretariado
Gitano

Medical Register of Galicia No. 28/1777 CI 083117374

Eva Vera
Directora Territorial de Galicia
Fundación Secretariado Xitano

Sinatura e selo



E. S. DO MILLADOIRO

AMES (A IESMILLADOIRO)

Victor M. Sanidrián
Director

Anexo 8



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DO MILLADOIRO



Travesa do Porto, s/n 15895 Ames

☎ 881 959 514 📠 881 978 766

ies.milladoiro@edu.xunta.es



AVALIACIÓN DA DIRECCIÓN

Este cuestionario está baseado no *Proxecto de Dirección para o IES do Milladoiro* (abril 2015; <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/103>). Segue basicamente as epígrafes dese documento e recolle, *grosso modo*, os obxectivos específicos marcados en cada un dos apartados do Proxecto.

A valoración de cada ítem ten seguinte escala. En cada pregunta **SÓ se pode marcar un n.º**:

1= moi negativo / moi en desacordo	2= negativo / en desacordo	3= neutro	4= positivo / de acordo	5= moi positivo / moi de acordo
---------------------------------------	-------------------------------	-----------	----------------------------	------------------------------------

Existe un apartado final para apuntar aspectos positivos e negativos non recollidos nas preguntas e formular propostas de mellora.

Os cuestionarios individuais, a folla de cálculo empregada para a tabulación e os resultados estarán a disposición do profesorado na Secretaría do centro.

Os resultados da avaliación e o informe do Claustro expoñeranse na sala do profesorado.

OFERTA EDUCATIVA

1. A dirección contribuíu a adaptar a oferta educativa do centro ás novas leis educativas.	1	2	3	4	5
--	---	---	---	---	---

PROFESORADO, PERSOAL NON DOCENTE E FAMILIAS

2. A dirección contribuíu a estabilizar o cadro de persoal docente e non docente.	1	2	3	4	5
3. Propuxo un adecuado plan de formación do profesorado no centro e consolidou ámbitos de cooperación coas familias e coas Anpa.	1	2	3	4	5

AULA MATERIA

4. A dirección abriu o debate sobre a aula-materia coa intencionalidade de implantala ao longo deste mandato.	1	2	3	4	5
---	---	---	---	---	---

COIDADADO DOS ESPAZOS

5. A dirección desenvolveu un plan de coidado das instalacións dando protagonismo ao alumnado e consolidou actividades nos períodos de lecer.	1	2	3	4	5
---	---	---	---	---	---

EQUIPAMENTO

6. A dirección completou o equipamento segundo o documento remitido á Inspección con data do 2.02.2015.	1	2	3	4	5
7. Traballou co alumnado a conciencia de respecto dos espazos e equipamentos comunitarios promoveu a figura da/do monitora/monitor de convivencia.	1	2	3	4	5
8. Completou a dotación dos departamentos, especialmente os prácticos, segundo o documento remitido á Inspección con data do 2.02.2015.	1	2	3	4	5
9. Traballou para poñer en marcha un servizo de cafetería.	1	2	3	4	5
10. Conseguiu a mellora do axardinamento da parcela do Instituto, instou as autoridades a que acondicionasen a rúa do nivel inferior, apelou ao Concello para que construíse unha beirarrúa de acceso ao instituto ao longo da Travesía do Porto.	1	2	3	4	5
11. Acondicionou o patio semicuberto para que sexa utilizable nas clases de Educación Física e nos recreos nos días de chuvia.	1	2	3	4	5



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


IES DO MILLADOIRO



Travesa do Porto, s/n 15895 Ames

☎ 881 959 514 📠 881 978 766

ies.milladoiro@edu.xunta.es



NOVAS TECNOLOXÍAS

12. A dirección elaborou un Plan TIC, procurou dotar as aulas de canón, ordenador e altofalantes, preocupouse por mellorar o alcance da rede sen fíos.	1	2	3	4	5
13. Traballou na consecución dunha segunda aula de informática, na mellora a formación do profesorado nos recursos TIC e na potenciación da páxina web como ferramenta de comunicación e información.	1	2	3	4	5

ADAPTACIÓN Á LOMCE

14. A dirección elaborou os documentos esixidos pola normativa e facilitou a redacción das novas programacións didácticas.	1	2	3	4	5
15. Potenciou a coordinación inter e intradepartamental e mellorou a difusión dos criterios de avaliación do proceso de ensinanza entre toda a comunidade escolar.	1	2	3	4	5
16. Introduciu adecuada e eficientemente a axenda escolar en 1º da ESO.	1	2	3	4	5
17. Propiciou a coordinación docente mediante a celebración das reunións dos órganos correspondentes; convocou con suficiente periodicidade as reunións da CCP, claustros e Consello Escolar; fixo unha adecuada selección dos asuntos que conformaron as súas ordes do día.	1	2	3	4	5
18. A preparación das reunións por parte da dirección foi adecuada, a documentación achegada foi suficiente e útil, e fomentou a participación do profesorado na toma das decisións que legalmente lle competen.	1	2	3	4	5
19. As comunicacións dos acordos adoptados polos órganos e do resto das informacións académicas fixéronse eficazmente e con axilidade, e executáronse os acordos tomados con eficacia e axilidade.	1	2	3	4	5

CONVIVENCIA

20. Dinamizouse a Comisión de Convivencia.	1	2	3	4	5
21. Elaboráronse o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento; revisáronse o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Atención Titorial; avaliáronse e melloráronse os programas que xa estaban a funcionar.	1	2	3	4	5
22. A xestión da convivencia buscou a resolución efectiva dos conflitos e a creación dun clima positivo.	1	2	3	4	5
23. A dirección procurou a acollida e a integración do profesorado e do alumnado novo no centro, e mostrou dispoñibilidade para atender o alumnado e as súas familias ofrecendo información e atendendo as súas demandas.	1	2	3	4	5

ORIENTACIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

24. Profundouse no plan de orientación académica, consolidáronse e ampliáronse as medidas de atención á diversidade, conseguíuse maior dispoñibilidade de horas do profesorado para atención á diversidade e fomentouse a participación en convocatorias externas para incrementar os recursos para a atención do alumnado.	1	2	3	4	5
---	---	---	---	---	---



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DO MILLADOIRO



Travesa do Porto, s/n 15895 Ames

☎ 881 959 514 📠 881 978 766

ies.milladoiro@edu.xunta.es



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

25. Realizáronse sondaxes para coñecer os intereses do alumnado e das familias.	1	2	3	4	5
26. Redactouse un protocolo de actividades complementarias e extraescolares.	1	2	3	4	5
27. Asignéuse á vicedirección un orzamento estable e transparente que asegure a participación de todo o alumnado en igualdade de oportunidades.	1	2	3	4	5
28. Estableceuse coa flexibilidade necesaria un calendario de actividades por cursos que se poida manter ao longo de cada etapa educativa.	1	2	3	4	5
29. Utilizáronse as actividades como instrumento para coordinar a práctica dos departamentos.	1	2	3	4	5
30. Propiciouse participar nas actividades que oferta o Plan Proxecta.	1	2	3	4	5
31. Intentouse definir a excursión de fin da ESO como unha actividade con carácter didáctico da que ninguén quede á marxe por cuestións económicas.	1	2	3	4	5
32. Continuouse co proceso de difusión das actividades para que sexan coñecidas fóra da comunidade escolar.	1	2	3	4	5
33. Creouse unha revista de centro de periodicidade anual.	1	2	3	4	5
34. Apoiáronse as iniciativas dos departamentos que supoñan a participación en Proxectos Europeos e o intercambio de alumnado e profesorado.	1	2	3	4	5

RELACIÓN COS CENTROS DOCENTES E OUTRAS INSTITUCIÓNS

35. A dirección contribuíu a apertura do centro á comunidade, incrementando as relacións coa sociedade, as asociacións e as institucións do concello.	1	2	3	4	5
---	---	---	---	---	---

BIBLIOTECA

36. A dirección propiciou un orzamento extraordinario para adquisición de fondos e funcionamento da Biblioteca e apoiou adecuadamente a solicitude de incorporación ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.	1	2	3	4	5
37. Incrementou o número de horas de redución para o profesorado con dedicación á biblioteca e colaborou en facer da biblioteca un punto de referencia para todos os membros da comunidade escolar.	1	2	3	4	5
38. A dirección fixou no horario cando menos unha hora de reunión á que poida asistir todo o Equipo da Biblioteca.	1	2	3	4	5
39. Propiciou a elaboración dun calendario de actividades en coordinación coas actividades dos departamentos, colaborou na elaboración do Plan Lector e estudou a posibilidade de crear o voluntariado de Biblioteca.	1	2	3	4	5

IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

40. Elaborouse un informe sobre as relación de xénero no Instituto.	1	2	3	4	5
41. Fomentou que se introducise nas programacións didácticas a cuestión de xénero.	1	2	3	4	5
42. Participou nos programas ofertados pola Administración relacionados coa cuestión de x.º e axudou a converter a cuestión de x.º nunha das liñas de traballo da biblioteca.	1	2	3	4	5



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DO MILLADOIRO



Travesa do Porto, s/n 15895 Ames

☎ 881 959 514 📠 881 978 766

ies.milladoiro@edu.xunta.es



CARACTERIZACIÓN LINGÜÍSTICA

43. Contribuíuse á dinamización da lingua galega apoiando o traballo do EDL.	1	2	3	4	5
44. Fomentou a elaboración dun Proxecto de fomento do uso da lingua galega e dun Proxecto Lingüístico do Centro.	1	2	3	4	5

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

45. A organización dos horarios do profesorado e dos grupos foi adecuada.	1	2	3	4	5
46. A xestión dos recursos económicos foi adecuada e fíxose con transparencia.	1	2	3	4	5
47. A xestión da secretaría e dos asuntos administrativos foi eficaz e adecuada.	1	2	3	4	5
48. A xestión dos recursos materiais do centro foi adecuada.	1	2	3	4	5
49. A xestión das avarías e incidencias fíxose con axilidade e eficacia.	1	2	3	4	5

AVALIACIÓN

50. Promóvese a avaliación e a autoavaliación do centro, co fin de poder realizar diagnósticos atinados e formular obxectivos e elaborar plans de mellora.	1	2	3	4	5
--	---	---	---	---	---

OUTROS ASPECTOS POSITIVOS / NEGATIVOS / PROPOSTAS DE MELLORA:

Anexo 9

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E O IES DO MILLADOIRO PARA A UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CURSO 2017/2018

Ames, 29 de setembro de 2017

Por unha banda, **Don Jose M. Miñones Conde**, con DNI nº 44.808.588-B, en calidade de alcalde-presidente do **Concello de Ames** (en adiante, O CONCELLO), con CIF P-1500200-I, actuando en representación do mesmo en virtude da competencia atribuída polo artigo 21.1,f) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

E da outra parte **Don Víctor Manuel Santidrián Arias**, con DNI 05.377.587-A, actuando en calidade de Director **IES de O Milladoiro**, con CIF S-1500113-D e domicilio na Travesía do Porto do Milladoiro, 15895, Ames (A CORUÑA),

EXPOÑEN:

Ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.l) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia, o Concello de Ames desenvolve dende Alcaldía a través da Área de Planificación e xestión dos equipamentos deportivos e xestión das escolas deportivas e da súa programación un programa que se iniciou hai máis de dez anos, denominado Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte das disciplinas ofertadas a través deste programa son impartidas en instalacións deportivas de titularidade municipal. Non obstante, a variedade de modalidades, e o gran número de usuarios do servizo require en determinadas ocasións recorrer a infraestruturas emprazadas en centros docentes.

Isto sucede nomeadamente no caso das Escolas Deportivas ofertadas no núcleo poboacional do Milladoiro, así como no tocante aos clubs deportivos a resultados do elevado volume de poboación que concentra neste núcleo.

As características das instalacións do IES de O Milladoiro fan que estas resulten idóneas para a súa utilización nas actividades desenvolvidas polo Concello.

O feito de que as actividades deportivas teñen lugar fóra do horario escolar implica que o IES do Milladoiro non poida efectuar a limpeza das mesmas canda o resto de instalacións do centro, o que imposibilita que estas estean en condicións axeitadas de uso ao comezo da seguinte xornada escolar.

Recoñecendo con capacidade xurídica suficiente para formalizar o presente acordo de colaboración, as partes asinantes acordan establecer unha canle de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁSULAS:

PRIMEIRA: OBXECTO. Constitúe o obxecto do presente acordo de colaboración a cesión ao Concello de Ames do pavillón deportivo e ximnasio do IES do Milladoiro para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA: DURACIÓN.

O presente acordo terá unha duración de UN (1) ANO a partir do día seguinte da súa sinatura, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO (4) ANOS, cumprindo así co establecido no artigo 49.h)1) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



A utilización das instalacións deportivas será dende o mes de outubro ata maio do ano seguinte, periodo no que se desenvolverán as actividades deportivas.

TERCEIRA.- INDEMNIZACIÓN A FAVOR DO IES DO MILLADOIRO.

Co fin de resarcir ao IES dos gastos derivados do uso das instalacións por parte do Concello, este indemnizará ao centro cun importe de 3 €/hora pola utilización do ximnasio e polideportivo en concepto de consumo enerxético.

O orzamento estimado do acordo ascende a **3.600 € (IVE exento)** en aplicación do criterio contido na consulta da Dirección General de tributos nº 0220-03.

O gasto derivado deste acordo resulta imputable á aplicación orzamentaria 341.20200 do vixente orzamento municipal, na que existe crédito axeitado e suficiente para para asumir o importe imputable ao presente exercicio.

O desglose por anualidades sería o seguinte:

Anualidade	GASTO TOTAL ESTIMADO
2017	1350
2018	2250
TOTAL	3600

A efectos de determinar o importe da indemnización, o departamento de deportes emitirá un informe mensual no que se detallará o número de horas mensuais de utilización das instalacións por parte do Concello.

Este sistema de determinación do importe manteranse en tanto que por parte do Concello non sexan instalados contadores individuais que permitan acreditar o consumo efectivamente rexistrado, e polo tanto con elo o custo real hora.

De acordo co previsto no artigo 79.2 do Real Decreto 500/90 de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual, subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, o presente acordo queda condicionado, no que se refire á anualidade de 2018, á inclusión no orzamento da correspondente consignación, axeitada e suficiente, para facer fronte aos gastos derivados do mesmo en dito exercicio.

CUARTA.- FORMA DE PAGO

O importe correspondente á indemnización abonaranse con periodicidade mensual e por meses vencidos, na conta bancaria ES5120800380683040007843, de titularidade do centro.

QUINTA.- OBRIGAS DAS PARTES.

▪ Obrigas do Concello de Ames

1.- Efectuar un uso responsable das instalacións.

O uso das instalacións deberá respectar o desenvolvemento das actividades programadas polo IES de O Milladoiro, que terán en todo caso carácter preferente.

2.- O concello designará unha persoa que se responsabilizará da apertura e do peche da cancela de acceso ao recinto escolar e da porta do ximnasio, para o que recibirá do IES do Milladoiro o xogo de chaves necesarias. A persoa designada polo concello a tal efecto será tamén a responsable de acender e apagar as luces das instalacións utilizadas, ademais de ser a única autorizada para acceder ao interior do edificio do Instituto.

3.- O concello asumirá os gastos daqueles danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades deportivas municipais.

4.- A fin de compatibilizar no posible ambos usos, evitando no posible coincidencias de espazos e horarios, facilitarán á outra parte unha programación das actividades a desenvolver dentro do período de vixencia do acordo.

5.- Comunicar á dirección do IES os cambios nas necesidades de ocupación cunha antelación mínima de quince días, a fin de poder compatibilizala co

OPINIÓN DO DEPARTAMENTO DE DEPORTES



funcionamento do centro.

6.- Asumir a limpeza do Pavillón do IES de O Milladoiro dous días á semana. Esta limpeza efectuarase ao remate das actividades municipais.

7.- A colaborar co IES cos gastos de facturación eléctrica polo consumo efectuado naquelas dependencias que sexan usadas polo Concello para o desenvolvemento das actividades derivadas das Escolas Deportivas (pavillón e ximnasio).

8.- O Concello cederá puntualmente as instalacións do Auditorio da Casa da Cultura de Milladoiro así como o pavillón municipal para o desenvolvemento puntual de actividades propias do IES, sempre que estas sexan compatibles coas actividades municipais programadas, debendo comunicalo como mínimo con quince días de antelación.

▪ Obrigas do IES de O Milladoiro.

1.- Permitir ao Concello o uso do pavillón deportivo e ximnasio do centro sempre que isto non resulte incompatible coa actividade do centro. Este uso deberá desenvolverse de luns a venres en horario de tarde, así como os sábados pola mañá.

2.- O IES deberá efectuar un uso responsable das instalacións cedidas polo concello para o desenvolvemento puntual de actividades propias.

3.- A fin de compatibilizar no posible ambos usos, evitando no posible coincidencias de espazos e horarios facilitarán á outra parte unha programación das actividades a desenvolver dentro do período de vixencia do acordo.

SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo de colaboración e darán lugar no seu caso ás indemnizacións que puideran corresponder, as seguintes:

1. A falta de dispoñibilidade das instalacións, a non ser que se acredite de xeito fehaciente que estas son necesarias para unha actividade desenvolvida polo centro.
2. O uso irresponsable das instalacións por parte do Concello, ou o incumprimento de calquera dos compromisos expostos no presente acordo de colaboración.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente acordo de colaboración formalízase en base ao establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Para todo o non previsto nas súas cláusulas, o presente acordo rexerese polo disposto no Código Civil.

E en proba de conformidade con todo o estipulado no presente acordo de colaboración, no contido do cal ambas as partes se afirman e ratifican asínase, previa lectura do mesmo, o presente documento por duplicado e a un só efecto e no lugar e data sinalados no encabezamento do mesmo.

Polo CONCELLO DE AMES

O alcalde

Jose M. Martínez Conde



Pz. do Concello, nº 1. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

Polo IES DE O MILLADOIRO

O director do Centro

Victor Manuel Santurrián Arias



Anexo 10

LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

Figuran en letra grosa as de impartición obrigatoria nese idioma (segundo a lexislación vixente en xuño de 2018); as outras son as de escolla polo centro.

1º ESO	Gal.	Cast.
Valores éticos	1	
Relixión		1
Bioloxía e Xeoloxía	4	
Xeografía e Historia	3	
Educación Física		2
Ed. Plástica	2	
L. Castelá	--	--
Inglés	--	--
L. Galega	--	--
Matemáticas		5
Paisaxe e sustentabilidade	1	
2º Lingua Francés	--	--
TOTAL	11	8

2º ESO

Gal.

Cast.

Valores éticos	1	
Relixión		1
Física e Química		3
Xeografía e Historia	3	
Educación Física	2	
Música		2
L. Castelá	--	--
Inglés	--	--
L. Galega	--	--
Matemáticas		5
Tecnoloxía		3
Apoio/Refuerzo	2	
2º Lingua Francés	--	--
Promoción est. vida saudable	1	
TOTAL	9	14

3º ESO

Gal.

Cast.

Valores éticos	1	
Relixión		1
Bioloxía e Xeoloxía	2	
Xeografía e Historia	3	
Educación Física	2	
Educación plástica	2	
L. Castelá	--	--
Inglés	--	--
L. Galega	--	--
Matemáticas		4
Tecnoloxía		2
Cultura clásica	2	
Francés	--	--
Física e Química		2
Música		2
TOTAL	12	11

Valores éticos	1	
Relixión		1
Bioloxía e Xeoloxía	3	
Ciencias Sociais	3	
Educación Física	2	
Educación plástica	3	
L. Castelá	--	--
Inglés	--	--
L. Galega	--	--
Matemáticas		4
Tecnoloxía		3
Cultura clásica	3	
Cultura científica	3	
Filosofía		3
Física e Química		3
Economía		3
TIC		3
Latín	3	
Música		3
Ciencias aplic.		3
In.activ. emprendedoras	3	
Artes escénicas		3
Francés	--	--
TOTAL	24	29

1º BACH.	Gal.	Cast.
Filosofía	3	
Educación Física	2	
Lingua castelá	--	--
Lingua galega	--	--
Inglés	--	--
Cultura científica	2	
TIC		2
Francés	--	--
Relixión		1
Debuxo artístico		3
Matemáticas I	4	
H.ª mundo contemporáneo	4	
Física e Química		4
Matemáticas aplicadas I	4	
Debuxo Técnico I	4	
Tecnoloxía Industrial I		3
Bioloxía e Xeoloxía		4
Economía		4
Grego I	4	
Latín I		4
Reforzo/afondamento de linguas	1	
Reforzo/afondamento de matemáticas		1
Literatura Universal		4
Oralidade francés	–	–
Literaturas Hispánicas		2
Linguaxe e práctica musical	3	
Robótica		2
Introd. Programación		1
TOTAL	31	35

2º BACH.	Gal.	Cast.
H. ^a de España	3	
H. ^a da Filosofía		4
Lingua castelá	--	--
Lingua galega	--	--
Inglés/ Francés	--	--
Matemáticas II / Mat.aplic. II	4	
Bioloxía		4
Química	4	
Física	4	
Xeoloxía		4
Debuxo técnico II	4	
Xeografía	4	
H. ^a da Arte	4	
Economía de empresa		4
Grego II	4	
Latín II		4
Ciencias da terra e ambientais		3
Teconoloxía		3
TIC	3	
Debuxo artístico	3	
H. ^a Música		3
Fundamentos administración e xestión	3	
Psicoloxía	3	
Lit. Galega s. XX	--	--
Filosofía ciencia	2	
Métodos estatísticos e numéricos	2	
Reforzo/ afondamento linguas		1
Reforzo/ afondamento matemáticas	1	
Actividades físico- recreativas		1
Relixión		1

Anexo 11

ACORDO DE COLABORACIÓN ESPERIMENTAL ENTRE O IES DO MILLADOIRO E O CONCELLO DE AMES NOS CASOS DE ALUMNADO CON CONDUCTAS DISRUPTIVAS

Ames, 21 de decembro de 2016

REUNIDOS

En representación do Concello:

Don José Manuel Miñones Conde, con DNI: 44808588B en calidade de alcalde-presidente do Concello de Ames, con CIF P1500200I .

En representación do Ies do Milladoiro:

D. Víctor M. Santidrián Arias, con DNI: 05377587A, como Director, en nome e representación do Centro Educativo IES do Milladoiro, con CIF n.º S1500113D, con domicilio social en R/Travesía do Porto, 5-A, 15895 O Milladoiro-Ames (en adiante IES MILLADOIRO).

Recoñécense mutuamente lexitimidade e capacidade para acadar acordos vinculantes para as entidades que representan sobre a base dos seus respectivos estatutos e normas e na súa virtude

EXPOÑEN

A convivencia nun centro escolar ten que estar orientada polo principio xeral que a nosa lexislación establece para a educación: a formación de persoas autónomas, críticas, con pensamento propio. A educación debe facilitar o desenvolvemento persoal e a integración social do alumnado, que deberá ser capaz de rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Para facer fronte a determinadas condutas do alumnado, a normativa vixente establece unha serie de medidas correctoras que deben inspirarse no principio do carácter “recuperador” da conduta do alumnado sancionado previsto no **artigo 18 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa) e no art. 32.2, alínea a) do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, Unha desas medidas é a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro.**

Por outra banda, o artigo 19 da citada Lei de Convivencia e artigo 24 do referido Decreto 8/2015 prevén que o desenvolvemento dos programas de habilidades sociais, por exemplo, se fará en colaboración cos servizos sociais. Nesa liña *Estratexia Galega de Convivencia Escolar* da Consellería de Educación reconece que a necesidade da participación e a implicación de numerosos axentes, “tanto daqueles que están decote inmersos no clima escolar como doutros que inciden, de xeito máis ou menos permanente, tanxencial ou esporádico, na convivencia”. A nivel social, o documento da Consellería de Educación propón o establecemento de accións conxuntas con outras institucións e organismos para dar resposta a problemas de conduta. O texto introduce, en segundo lugar, a elaboración de proxectos institucionais e de centro para facer fronte a estas situacións. O documento aposta por modelos integrados de regulación da convivencia en centros educativos a

través da actuación en diversos planos, nos que as “medidas de intervención cunha dimensión sociocomunitaria” teñen unha importancia fundamental.

Ademais o Eixe 3 *Estratexia Galega de Convivencia Escolar* da Consellería de Educación (“Apoio aos centros e á comunidade educativa”) establece como acción prioritaria resalta o papel que pode xogar “Os esforzos realizados conxuntamente entre os servizos educativos e outras administracións” na procura da mellora da convivencia, “fenómeno social que se estende alén das fronteiras físicas do centro educativo” polo que se impulsará a coordinación dos centros educativos coas institucións do contorno. Obxectivo prioritario da Estratexia galega será a “normalización de modelos de coordinación con outros servizos e institucións de familia e menores” (Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia).

O Concello de Ames e o IES do Milladoiro entendemos a educación como un proceso no que debe estar involucrada toda a sociedade e as súas institucións, en especial, a da localidade na que o centro desenvolve o seu labor. Por este motivo, no curso 2015/2016 creouse a Rede do IES do Milladoiro como punto de encontro das institucións e organizacións coas que colabora o centro, entre as que a participación do Concello de Ames é fundamental.

Por estas razóns, as entidades subscríbese o seguinte **ACORDO DE COLABORACIÓN experimental** conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Atender ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e/ou ao que se vexa privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da aplicación dunha sanción (artigo 19 da Lei de convivencia) e artigo 24 do referido Decreto 8/2015, de forma que ese alumnado poida realizar traballos para a comunidade nas dependencias que o Concello de Ames dispón para atender ás necesidades da cidadanía, baixo a consideración de actividades formativas.

Segunda. O Concello de Ames comunicará ao IES do Milladoiro unha relación das dependencias dispoñibles para a realización de traballos a modo de actividades formativas para a comunidade por parte do alumnado sancionado —traballos **que non poderán supor relación laboral algunha nin tampouco risco físico ou psicolóxico** para o/a alumno/a sancionado— así como o nome da persoa ou persoas responsables desas dependencias e que atenderán ao alumnado.

Terceira. O IES do Milladoiro propondrá ao Concello de Ames o nome da persoa e a duración da sanción durante a que o/a sancionado/a realizará traballos para a comunidade nas dependencias que o Concello de Ames dispón para atender ás necesidades da cidadanía durante o período establecido polo IES do Milladoiro.

Cuarta. A medida desenvolveranse durante a **xornada lectiva ou de ser o caso, tamén fóra de horario lectivo**. Durante o tempo de cumprimento da sanción, o Concello de Ames custodiará á persoa sancionada, pero será o pai/nai/titor legal, quen asumirá as responsabilidades que da actuación do/da alumno/a se deriven.

Quinta. Durante o período da sanción haberá un seguimento do/a alumno/a por parte do Concello de Ames, que remitirá ao IES do Milladoiro un informe final coa valoración do traballo realizado polo/a alumno/a sancionado/a ao remate

Sexta. Este acordo de colaboración parte sen dotación económica.

Sétima. Este proxecto articúlase como unha colaboración conxunta entre ambas as entidades. Calquera acción de comunicación relativa a el deberá contar coa aprobación previa do órgano correspondente e a presenza do resto de entidades involucradas. Así mesmo, previa autorización do órgano correspondente, as partes poderán difundir o contido e resultados do presente convenio nos seus medios ou foros correspondentes e incorporar esta información, se procede, nas súas memorias anuais.

Oitava. As partes terán en conta todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como no Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e en calquera outra norma vixente ou que no futuro se poida promulgar sobre esta materia.

Novena. Este **acordo experimental** terá unha duración inicial do curso escolar 2016/2017. Transcorrido este período procederase a unha avaliación conxunta e determinarase a súa renovación por prórrogas sucesivas, determinando por ambas as partes a duración e supeditándoas á avaliación continua.

E en proba de conformidade asíñase o presente Acordo na data e lugar arriba indicado.



Asdo. : Víctor M. Santidrián Arias
Director Ies do Milladoiro



Asdo. : José M. Miñones Conde
Alcalde – Presidente Concello de Ames

Anexo 12

Proposta punto Medidas de Atención á Diversidade para as programacións

A ter en conta para desenvolver neste punto nas programacións:

- O disposto no PXAD do IES do Milladoiro aprobado o 14/06/17 na CCP: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/137>
- O tipo de necesidades que, en xeral, presenta o noso alumnado e as pautas e protocolos xerais, legais e organizativos existentes para dar resposta educativa, que se reflicten na seguinte táboa. **Non poñer o número de alumnado, que aparece na primeira columna da táboa, na programación, para que non se poida identificar a dito alumnado.**
"O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación á realidade e necesidade do alumnado e do centro".
- Indicar que se terán en conta as pautas específicas e medidas organizativas establecidas para este curso 2018-19 que se explicarán nas sesións de avaliación inicial.

Necesidades do alumnado / Número de alumnos/as	Medidas no IES	Protocolos da Consellería EOU e outras	Coordinación outras Institucións
Educativas Especiais:			
Discapacidade intelectual	*B, D, E, F, I, J, K, M	"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade intelectual" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos - Programa
Discapacidade motórica			
Discapacidade sensorial			
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger	B	"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655 http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703	ASPERGA A Coruña http://www.asperga.org/
Trastornos graves de conduta	A, B, L	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos - Programa
Específicas de Apoio Educativo:			
Altas Capacidades	A, B, C, I	Sobredotación intelectual" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700 "Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual"	-Coordinación con ASAC -Pautas do EOE de A Coruña

		http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630 http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144	
TDAH	A, B, C, E, I, K, N	Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546	-Orientacións da Asociación Compostelana de Niños/as con TDAH: http://www.acnhsantiago.org/
Dislexia	A, B, C, D, E, I	Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe: https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656	-Orientacións da Asociación de Dislexia: http://www.agadix.es/ -Orientacións EOE de A Coruña -ANEXO XI, Proposta do DO
Incorporación tardía (Alumnado estranxeiro de recente incorporación)	D, E, F, G, H, I, J, K, M, O	Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro): http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146	-UTS do Milladoiro -OMIX Concello
Necesidades específicas de aprendizaxe	A, B, C, D, E, F, I, J, K, M, N, O	-"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe" http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656 http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409	-UTS do Milladoiro -OMIX Concello: Clases de Reforzo -Contratos – Programa e Convenio con Igaxes3: Programa Anaquiños Matemáticos
Desvantaxe Socio-Educativa:			
Ambientes desfavorecidos – marxinais:	A, B, C, D, I, J, L, N, O	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410 Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3 http://www.igaxes.org/?lang=es	-UTS do Milladoiro -OMIX Concello: Clases de Reforzo -Convenio con Igaxes3 -Contartos - Programa
Etnia xitana:	B, D, E, I, Ñ, O	-Programas e plans: http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412 http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791	-Convenio de colaboración entre o IES do Milladoiro e o Secretariado Xitano (Programa Promociona) https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/
Atención Educativa por Enfermidade:			
Atención educativa domiciliaria	B, P	http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722	

Atención educativa hospitalaria	B, Q	(Protocolo de atención educativa domiciliaria) http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal	
---------------------------------	------	---	--

A: Axenda escolar

*B: Seguimento titorial do rendemento

C: Reforzo Educativo

D: Exención da 2ª Lingua Estranxeira, Francés / Programa de lectoescritura

E: Apoio fóra / dentro da aula do profesorado de PT

F: ACS

G: Grupos de adquisición de linguas

H: Grupos de competencia curricular

I: Agrupamentos Flexibles

J: Integración da materias en ámbitos

K: PMAR

L: Programa de HHSS

M: PROA

N: Clases do Concello

Ñ: Programa Promociona, Secretariado Xitano

O: Desenvolvemento das Competencias clave

P: Atención Educativa Domiciliaria

Q: Atención Educativa Hospitalaria

Anexo 13

Avaliación da PXA

Os seguintes ítems están relacionados cos obxectivos do curso 2018/2109, desenvolvidos no apartado 1 desta PXA

	Realizado		Grao de consecución			Observacións
	Si	Non	1	2	3	
Comunicación coas familias						
Avaliación por competencias						
Alumnado en situación de risco						
Guía de actuación co alumnado en situación de risco						
Coordinación entre departamentos						
Proxecto Lingüístico do Centro						
Renovación do Plambe						
Bibliotecas Escolares Solidarias						
Club de lectura						

Contratos-programa						
Olimpiada da convivencia						
Participación do alumnado						
Rede IES Milladoiro						
Equipamento						
Cancelas de acceso						
Peche perimetral						
Pozo negro						
Problemas de seguridade						
Simulacro						
Avaliación do Equipo Directivo						